

## Acta da Xunta de Escola ordinaria do 19 de decembro de 2018

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 19/12/2018
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 19/12/2018
- III. Actas do tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao
- IV. Normativa para Programas de Mobilidade da emE
- V. Regulamento de Réxime Interno da Delegación de Alumnado de Minas e Enerxía

Ábrese a sesión ás 13 horas e 05 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 24 de outubro de 2018.**

Envíouse por correo electrónico o borrador da acta, xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola. Nese borrador esqueceuse incluír a referencia á concesión do premio “Ciencia en Acción 2018” ao profesor Benito Vázquez, polo que a directora propón a inclusión do seguinte parágrafo:

*“A Directora informa da concesión do Primeiro Premio no Certame “Ciencia en Acción 2018” ao profesor Benito Vázquez. A concesión deste galardón supón entrar directamente na final de “Science on Stage”, un concurso internacional do ámbito STEM –Science, Technology, Engineering, Maths-. O traballo trata sobre o emprego de pompas de xabón para introducir de forma moi atractiva a todo o público conceptos físicos relacionados coa luz: reflexión, refracción e interferencias, así como o funcionamento básico do ollo humano”*

Unha vez aprobada, a acta será publicada na web do centro, na sección de Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola de acceso libre:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a inclusión do parágrafo así como a acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 24 de outubro de 2018.

## 2. Informe da Directora

### 2.1. Actividades de representación

- 24 e 25 de outubro. Asistencia como representante do centro ao V Congreso Nacional de Áridos, celebrado en Santiago de Compostela.
- 12 de novembro. Asistencia á presentación do Programa Galicia Open Future-Retos Industria 4.0, iniciativa promovida por Telefónica en colaboración coa Xunta de Galicia con obxecto de impulsar ao sector industrial de Galicia.
- 24 de novembro. Asistencia en representación do centro á Gala do Deporte 2018 da Universidade de Vigo.
- 22 de novembro. Asistencia en representación do centro como moderadora nas Xornadas Industria 4.0 na Mesa Sectorial do Sector Primario, xornadas organizadas pola Asociación para o fomento da Innovación, Coñecemento e Emprendemento en colaboración co Círculo de Empresarios de Galicia.
- 30 de novembro. Asistencia en representación do centro á entrega de Premios da Cámara Oficial Mineira de Galicia. A COMG entregou un dos premios Traxectoria a Fernando Herránz, impulsor da mina de Meirama. Na modalidade de Comunicación o premiado foi Diego Casal Ramos, egresado deste centro, pola súa difusión do patrimonio industrial e mineiro galego, concretamente da mina de volframio de Fontao, onde impulsou a creación dun museo mineiro.
- 1 de decembro. Asistencia en representación do centro aos actos de celebración de Santa Bárbara organizados polo COIMNE.

### 2.2. Reunións de traballo

- O 16 de novembro asinouse un convenio de colaboración para a redacción da “Guía de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas”, un instrumento específico para a xestión da paisaxe recollido na planificación da Estratexia da Paisaxe Galega 2017-2020. Formará parte da Colección paisaxe galego, integrada por documentos de carácter técnico sobre temáticas concretas que teñen o obxectivo de establecer criterios sobre integración paisaxística en diversos campos de actuación. A COMG, a Xunta de Galicia (a través do Instituto de Estudos do Territorio e a Dirección Xeneral de Enerxía e Mina) e a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo colaborarán na redacción desta guía, que servirá de ferramenta para compatibilizar minas e paisaxe.
- 29 de outubro. Reunión con Alicia López Regueiro. AEPECT (Asociación Española para o Ensino das Ciencias da Terra) para a organización da X Olimpíada de Xeoloxía, prevista para o 13 de febreiro de 2019.

- 12 de decembro. Reunión cas persoas organizadoras do Foro Tecnolóxico 2019, con data prevista de realización nos días 13, 14 e 15 de marzo de 2019.
- Organización Xornadas SIKA 2019. Estase a traballar na participación de estudantado do centro nas II Xornadas SIKA, a celebrar os días 28 e 29 de marzo de 2019 nas instalacións da Fundación Santa Bárbara en Folgoso de la Ribera (León).
- 14 de decembro. Asistencia como membro nato na sesión da Comisión de Calidade da Universidade. Aprobouse unha proposta de modificación da Normativa de Queixas, Suxestións e Parabéns da UVigo, normativa que ten que ser aprobada por Consello de Goberno.

## 2.3. Actividades desenvoltas no centro

### 2.3.1. Inauguración da Colección de Minerais “Manuel de Sas de la Encina”

O día 4 de decembro a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía inaugurou a exposición permanente de minerais cedida polo doutor Manuel de Sas de la Encina. O acto estivo presidido polo reitor da Universidade de Vigo, Manuel Reigosa, e asistiron un total de 60 persoas. Pódese consultar a nova relativa ao acto no link:

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/coleccion-minerais-manuel-sas-xa-mellor-destino-que-podia-terch>

Agradécese o traballo realizado por Natalia Caparrini, Ignacio Pérez, Leandro Alejano, Teresa Rivas, persoal do Laboratorio de Mecánica de Rochas, Áreas de Imaxe, Normalización Lingüística e Infraestruturas da Universidade, ligazón de Igualdade do centro, persoal de administración (Carmen Romo), persoal de servizos do centro (Jesús García, Arturo Martínez, Antonio José Vázquez, Aitor Martínez e Fernando Martínez) e alumnado (Jesús Rico e Santiago Domínguez)

### 2.3.2. Actividades con motivo da celebración de Santa Bárbara

- 5 de decembro. Conferencia: “A enerxía do futuro: tecnoloxía, sustentabilidade e competitividade”, impartida por Rocío Prieto González, Enxeñeira de Minas e subdirectora de Gas Natural na Dirección de Enerxía da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia. Líder do grupo europeo de GNL do CEER.
- 5 de decembro. Conferencia: “Saídas profesionais no ámbito da Enxeñaría de Minas”, impartida por Juan José Iglesias, Decano Delegado en Galicia do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do NO.
- 5 de decembro. Entrega do Premio ao Mellor Expediente do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas do curso 2017/18. III Promoción do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas. O premio concedido polo

COIMNE e dotado con 600 €. Alumno Premiado: Enrique Manuel Alonso Villar.

- 5 de decembro. Entrega dos Premios do II Concurso de Fotografía ENFOCA.RME, premios financiados pola Cámara Oficial de Minería de Galicia. O concurso foi convocado polo centro coa colaboración da Cámara Oficial de Minería de Galicia. Presentándose un total de 21 fotografías. A información básica do concurso é a seguinte:

Composición do xurado

- Profesorado: Pablo Eguía Oller e Teresa Rivas Brea
- PAS: Julio Fernández Cid
- Cámara Oficial de Minería de Galicia: Diego López García (Secretario Técnico)
- Alumnado: Carmen Filgueira e Laura Andrés
- Fotógrafo Profesional: Janite

Premiados na Categoría Sénior

- Denis Barros Caballero: “Eterno luar”
- Carla Carballal Abal: “Mas allá del muro”
- Eduardo Millán López: “Camino de fuerza”

A dotación dos premios foi financiada pola COMG e é a seguinte:

- Primeiro Premio: Cámara réflex dixital valorada en 400€
- Segundo Premio: Cámara dixital compacta valorada en 150€
- Terceiro Premio: Mochila fotográfica valorada en 50€

Agradécese as persoas integrantes do xurado o traballo realizado na valoración das fotografías, así como aos e ás concursantes a súa participación. Agradécese a Iago Pozo e María Araújo o traballo realizado en relación ao desenvolvemento do concurso e á COMG a dotación dos premios. Lémbrese que as fotografías estarán expostas no vestíbulo do centro ata a seguinte edición do concurso, en novembro de 2019.

## 2.4. Actividades de divulgación

### 2.4.1 Actualización Web do centro/Redes Sociais

Reorganizouse a estrutura da información na Web, creando un apartado específico “Actividades para Institutos”, para facilitar o acceso á esta información deste colectivo de interese.

<http://minasyenergia.uvigo.es/es/>

Habilitouse o espazo “EME Minerais”, unha iniciativa que pretende conformar un museo virtual de minerais, dotando os contidos de información sobre unha serie de minerais con certa periodicidade.

Intensificouse a actividade en redes sociais, publicando en Instagram e Facebook uns tres, catro posts/semana,

Agradécese o traballo realizado por Iago Pozo en relación á actualización da Web e redes sociais do centro.

## 2.4.2. Actividades de divulgación realizadas neste período

Tipo actividade	Denominación actividade	Centro	Realizada por	Número	Colectivo
<b>Charlas monográficas fora da EEME</b>	“Recursos minerais en Galicia e España”	IES Luis Seoane (Pontevedra)	Iago Pozo	23	1º e 2º bach
		IES A Sangriña (Nigrán)	María Araújo	40	1º e 2º bach
		IES Ánxel Fole	Elena Alonso	80	4º ESO e 1º bach
	“Aspectos medioambientais na explotación de recursos mineiros”	IES Ánxel Fole	Elena Alonso	80	4º ESO e 1º bach
	“Física Re-Creativa”	IES Antón Losada Dieguez (A Estrada):	Benito Vázquez	45	1º e 2º bach
<b>Charlas monográficas na EEME</b>	“Mineral Tales”	C.P.R. Santo Tomás (O Porriño)	Bienvenido Díez	55	3º e 4º ESO
<b>Charlas divulgativas das titulacións</b>		IES A Sangriña (Nigrán)	María Araújo	40	1º e 2º bach
		C.P.R. Santo Tomás (O Porriño).	Iago Pozo	55	3º e 4º ESO
<b>Taller de minerais</b>		CEIP de Sobrada (Tomiño)	Teresa Rivas e Iago Pozo	56	5º e 6º Primaria
		IES Álvaro Cunqueiro (Vigo)	Bienvenido Díez	46	1º e 2º bach
		C.P.R. Santo Tomás (O Porriño):	Bienvenido Díez	55	3º e 4º ESO
<b>Aula Aberta á TecnoCiencia</b>	Combustión	IES Luis Seoane (Pontevedra)	David Patiño	23	1º e 2º bach

	Física Re-Creativa	IES Perdouro (Burela)	Benito Vázquez	21	4º ESO
	Realidade Aumentada		Jesús Balado		
	Novos Materiais		Raúl Figueroa		
	Realidade Aumentada	C.P.R. Santo Tomás (O Porriño):	Jesús Balado	32	3º ESO
	Novos Materiais		Raúl Figueroa		
<b>Exposición itinerante</b>		IES Luis Seoane (Pontevedra)			
		IES Ánxel Fole (Lugo)			
		CEIP de Sestelo-Baión (Vilanova de Arousa)			
<b>Concursos e Premios</b>	ENFOCARME				
	Constrúe e compite co teu equipo mineiro				
	Restauración sustentable espazos mineiros				
<b>Xornadas Portas Abertas</b>	Explosivos	IES Luis Seoane	Uxía Castro	23	1º e 2º bach
	Xeotecnoloxías		Jesús Balado		
	Estudantes		Delegación Alumnado		
	Xeotecnoloxías	IES Álvaro Cunqueiro	Iván Garrido	46	1º e 2º bach
	Motores		Raquel Pérez		
	Estudantes		Enrique Alonso		

### 2.4.3. Apoio ás actividades de divulgación do centro

O equipo directivo acordou axustar as remuneracións por participación en actividades de divulgación do centro en función da carga de traballo asociada, quedando da seguinte forma:

- Charlas monográficas ou informativas sobre o centro realizadas no centro: 20 €/charla

- Charlas monográficas ou informativas sobre o centro realizadas fora do centro: 30€/charla máis gastos de transporte e/ou manutención se procedese.
- Taller de minerais: 30 €/taller
- Actividades realizadas na aula de TecnoCiencia: 30 €/actividade
- Actividades de guiado/presentación de laboratorios: 11,5 €/actividade

## 2.5. Información de procedementos administrativos e/ou académicos

### 2.5.1. Calidade

Nas próximas semanas ACSUG enviará as resolucións definitivas de acreditación institucional de todos os centros da Universidade de Vigo que cumpran os requisitos. Entre estes centros atópase a emE.

Recibíronse indicacións de ACSUG respecto á información que debe conter o Informe de Revisión pola Dirección. O IRPD será o documento de análise de resultados dos centros/títulos que servirá de base para o seguimento externo, interno e institucional de centros.

### 2.5.2. Bolsas de formación. Sistemas informáticos

Publicouse a resolución das bolsas de formación para sistemas informáticos, sendo adxudicatarios das bolsas o seguinte alumnado:

Bolsas tipo A. Perfil informático: Pedro Pérez Reboreda e Eduardo Rodríguez Calvo

Bolsas tipo B. Perfil informático: Aaron Comesaña Barbosa

Incorporaranse o día 8 de xaneiro baixo a supervisión de David Patiño e Juan Ausín.

### 2.5.3. Orzamento 2019

Comunicouse a dotación do orzamento do centro para o 2019. A dotación total é de 107.671€ o que supuxo unha redución dun 10% respecto ao ano 2018. O martes 18 de decembro asistiron a unha reunión informativa co Vicexerente de Economía David Patiño e a Directora do centro.

#### 2.5.4. Prevención de Riscos Laborais

O Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade enviou ao centro o documento de “Avaliación de Riscos e Plan de Autoprotección do centro”, polo que será necesario implementar as medidas que figuran no devandito plan.

#### 2.5.5. Modificación calendario escolar

O Decreto 134/2018, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2019 establece como festivo o día 19 de marzo, polo que se procedeu a modificar o calendario escolar do centro incluíndo como festivo do devandito día.

#### 2.5.6. Modificación Normativa de TFG/ TFM

Con data 13 de novembro aprobouse en Consello de Goberno a modificación da normativa de TFG/TFM. As modificacións máis substanciais das normativas refírense aos sistemas de avaliación e cualificación das materias TFG/TFM.

*“O presente regulamento contempla **dous mecanismos de avaliación** e cualificación do traballo fin de grao: avaliación e defensa ante un **tribunal colexiado** e ante un **tribunal unipersoal**. A normativa propia de **cada centro** deberá indicar, para cada unha das titulacións de grao que imparta, **se opta por utilizar unicamente unha destas modalidades, ou ben ámbalas dúas**”*

✓ No relativo **ao tribunal colexiado**

*“A Xunta de Centro ou a comisión en quen delegue nomeará, en base a criterios públicos e motivados, o tribunal de avaliación colexiado do traballo de fin de grao entre o profesorado da titulación (ou profesorado do centro se así se recolle na normativa propia deste)”*

*“As persoas titoras poderán estar presentes con dereito a voz no acto de defensa”*

✓ No relativo **ao tribunal unipersoal**

*“A Xunta de Centro ou a comisión en quen delegue nomeará como tribunal unipersoal para cada traballo de fin de grao que se avalíe nesta modalidade á persoa titora do mesmo.*

*Nas circunstancias que se regulen na normativa interna do centro, tamén poderá nomear como tribunal unipersoal a outro/a profesor/a.*

#### 2.5.7. Convocatoria de prácticas de campo

A data límite para solicitar saídas de campo para materias do 2º cuatrimestre finaliza o día 30 de xaneiro de 2019. Lémbrese que o profesorado que solicite máis dunha saída para a mesma materia deberá priorizar as solicitudes.



## 2.5.8 Programa de Mentorización

O Programa de Mentorización está a desenvolverse con normalidade. Realizándose as seguintes actividades

	Mentores	Data	Mentees asistentes	Temática
Primeira reunión	Jesús & Víctor	19/09/2018	5	Presentación
	Hugo & Daniel	19/09/2018	7	
	Santi & Alex	19/09/2018	7	
	Carmen & Álvaro	19/09/2018	6	
	Nuria & Laura	19/09/2018	6	
Segunda reunión	Santi & Alex	31/10/2018	4	Xestión do tempo e autoconecemento
	Carmen & Álvaro	24/10/2018	4	
	Nuria & Laura	10/10/2018	7	
Terceira reunión	Hugo & Daniel	21/11/2018	6	Xestión do tempo e traballo en equipo
	Santi & Alex	21/11/2018	4	
	Carmen & Álvaro	21/11/2018	4	
	Nuria & Laura	21/11/1998	6	

Agradécese o traballo dos participantes no programa, estudiantado e profesorado, así como a labor de coordinación das actividades por parte de Ángeles Saavedra, Eduardo Liz e Itziar Goicoechea.

## 2.6. Actividades desenvoltas polos membros da Comunidade Universitaria

### 2.6.1. Delegación de Alumnado

A Delegación de Alumnado organizou o “Mes Cultural de Santa Bárbara”. Graváronse tres charlas, cuxa visualización está dispoñible en:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/divulgacion/charlas>

A Delegación de Alumnado tamén organizou unha churrascada para profesorado, alumnado e PAS do centro o día 30 de novembro así como actividades deportivas, incluída a “IX Carreira Santa Bárbara”.

Agradécese o traballo desenvolto por Delegación de Alumnado na organización destas actividades.

### 2.6.2. Premio a Delegación de Alumnado

A Delegación de Alumnado da emE recibiu o Premio “Valores Universitarios” na Gala do Deporte da Universidade de Vigo 2018 *“polo seu esforzo en prol do deporte universitario e exemplo de implicación, iniciativa e traballo, poñendo en marcha cada ano a carreira de Santa Bárbara e organizando unha semana de competicións deportivas co gallo da súa patroa. A iso unir ou feito de que veñen de constituírse como club deportivo, son un exemplo de valores universitarios”*.

### 2.6.3. Premio ao profesor Eduardo Liz Marzán

O profesor do centro, Eduardo Liz Marzán, recibiu o Premio Bellma. Trátase dun dos galardóns máis prestixiosos a nivel internacional no eido da Bioloxía Matemática. Concédeose cada dous anos a editorial Elsevier a un artigo publicado na revista *Mathematical Biosciences* e, na súa última edición, outorgóuselle a un traballo asinado por Begoña Cid e Eduardo Liz Marzán, investigadores do Departamento de Matemática Aplicada II da Universidade de Vigo, xunto co investigador alemán Frank Hilker, da Universidade de Osnabrück, autores dun traballo sobre o uso de modelos matemáticos en dinámica de poboacións.

### 2.6.4. Premio Javier Arzúa Touriño

A Sociedade Internacional de Mecánica de Rochas - ISRM, polas súas siglas en inglés que vincula a máis de 5000 socios e socias espalladas por 46 países diferentes, outorga por primeira vez un accésit dos seus premios anuais a un investigador español. Trátase de Javier Arzúa, da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, autor dunha tese de doutoramento (dirixida polo profesor do centro Leandro Alejano Monge) sobre o comportamento post-rotura de rochas e macizos logo da súa manipulación. Unha investigación que converxe co obxectivo de fomento e difusión, que defende esta sociedade internacional.

### 2.6.5. Participación Jesús Rico

O Consello de Estudantes da Universidade de Vigo participou na asemblea xeral da Coordinadora de Representantes de Estudantes de Universidades Públicas (CREUP) que se celebrou en Girona desde o 21 de novembro. Foi a única universidade galega neste foro, representada por Jesús Rico, alumno da Escola de Minas e Enerxía que é membro do Consello de Estudantes e tamén forma parte do Claustro e do Consello de Goberno da Universidade de Vigo. Foron 4 días de debates intensos, dende as prácticas académicas externas ata un posicionamento de igualdade e diversidade e moitos outros asuntos.

### 2.6.6. Composición do equipo directivo

Ángeles Saavedra González, quen desempeñou o cargo de Secretaria do centro desde marzo de 2016 cesa do seu cargo. A persoa que propón esta dirección para substituír a Ángeles é Guillermo García Lomba, profesor da área de Matemática Aplicada II. Ángeles seguirá colaborando na vida do centro formando parte do equipo que coordina as actividades do programa de mentorización no centro. Agrádecese o

traballo realizado por Ángeles Saavedra durante estes anos como Secretaria e Coordinadora de Calidade e a súa implicación na vida do centro.

### 3. Nomeamento, se procede, da nova Comisión de Divulgación.

A directora presenta a seguinte proposta de Comisión para a promoción e difusión do centro:

- ✓ **Presidente:** José Santiago Pozo Antonio
- ✓ **Secretario/a:** Actuará a persoa máis nova
- ✓ Lucía Nieto Prieto
- ✓ José Bienvenido Díez Ferrer
- ✓ Benito Vázquez Dorrió
- ✓ Jesús Balado Frías
- ✓ Iván Garrido González
- ✓ Susana Lagüela López
- ✓ Raquel Pérez Orozco
- ✓ Raúl Figueroa Martínez
- ✓ Carmen Filgueira Sánchez
- ✓ Santiago Domínguez Blanco

A dirección agradece a participación nesta Comisión das persoas implicadas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o nomeamento da nova Comisión de Divulgación.

### 4. Renovación, se procede, da Comisión de Normalización Lingüística.

A Directora fai mención ao Artigo 1, composición da comisión, da normativa da CNL no que se recolle que ... *habrá representantes do estudantado, do Persoal Docente Investigador (PDI) e do Persoal de Administración e Servizos (PAS), así como membros do equipo directivo do centro. A comisión tamén estará aberta á incorporación de colaboradores de fóra do centro.*

*A composición mínima recomendable deberá incluír tres membros do PDI, un deles pertencente ao equipo directivo que exercerá de presidente/a ou secretario/a, dous representantes do estudantado e un membro do PAS.*

Atendendo a estas directrices preséntase, para a súa aprobación, a seguinte proposta:

#### **Representante do Equipo Directivo**

Directora ou persoa en quen delegue

#### **PAS**

Paulo Cabral Pereira

## PDI do centro

Lucía Díaz Vilariño  
Gonzalo Méndez Martínez  
Juan Ricoy Alonso  
Teresa Rivas Brea

## Representantes de Delegación de Alumnado

Juan Jesús Rico Fuentes  
Alejandro Casal Barreiro

A dirección agradece a participación nesta Comisión das persoas implicadas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a renovación da Comisión de Normalización Lingüística.

## 5. Nomeamento, se procede, da nova Comisión de Calidade da EE de Minas e Enerxía.

Debido aos cambios producidos na dirección da Escola, procede nomear unha nova persoa representante do Mestrado en Enxeñaría de Minas. Así mesmo faise necesario designar un novo representante do alumnado.

A directora presenta a seguinte proposta de Comisión de Calidade da emE:

<b>Presidenta comisión:</b>	<b>Directora do centro</b>	Elena Alonso Prieto
<b>Secretario/a comisión:</b>	<b>Coordinador/a de Calidade</b>	Secretario/a do centro
<b>Coordinador/a Graos</b>	Grao EE	David Patiño Vilas
	Grao ERME	María Araújo Fernández
<b>Coordinador/a Mestrados</b>	Mestrado EM	Ana Rodríguez Rodríguez
	Mestrado XI	Pedro Arias
<b>Enlace de Igualdade:</b>		Teresa Rivas Brea
<b>Representante do PDI:</b>		Elena González Rodríguez
<b>Representante do Alumnado:</b>		Carmen Filgueira Sánchez
<b>Representante dos Egresados/as:</b>		Luisa Álvarez Zaragoza
<b>Representante da Sociedade:</b>		Diego López González
<b>Administrador/a do centro ou persoa en quen delegue:</b>		M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez
<b>Representante da UTC:</b>		Raquel Gandón Chapela

A Xunta de Escola aproba por asentimento o nomeamento da nova Comisión de Calidade da EE de Minas e Enerxía.

**6. Nomeamento, se procede, da nova Comisión de Compensación dos Graos para o curso académico 2018/2019.**

Procédese ao sorteo para a composición das dúas comisións, sendo o resultado o que se amosa nas seguintes táboas:

<b>Comisión de Compensación do grao en ERME</b>		
Presidenta		María Araújo Fernández
Representantes do PDI	Vocais	Andrés Feijoo Lorenzo
		Patricia Liñares Méndez
		Benito Vázquez Dorrió
	Suplentes	Marta Cabeza Simó
		Bienvenido Díez Ferrer
		Fernando García Bastante
Representantes do Alumnado	Vocal	Santiago Domínguez Blanco
	Suplente	Daniel Pernas Rodríguez
<b>Comisión de Compensación do grao en EE</b>		
Presidente		David Patiño Vilas
Representantes do PDI	Vocais	Andrés Feijoo Lorenzo
		Patricia Liñares Méndez
		Benito Vázquez Dorrió
	Suplentes	Marta Cabeza Simó
		Bienvenido Díez Ferrer
		Fernando García Bastante
Representantes do Alumnado	Vocal	Daniel Pernas Rodríguez
	Suplente	Santiago Domínguez Blanco

A Xunta de Escola aproba por asentimento o nomeamento da nova Comisión de Compensación dos Graos para o curso académico 2017/2018.

**7. Renovación, se procede, da Comisión Permanente da EE de Minas e Enerxía.**

Abriuse un prazo para a presentación de candidaturas para formar parte da Comisión Permanente da emE. O número de candidaturas presentadas coincide co de postos a cubrir, polo que non procede votación. A proposta presentada pola dirección é a seguinte:

**SECTOR PDI 1º GRAOS**

TITULAR	SUPLENTE
ALFONSO MANDADO VÁZQUEZ	ELENA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

## SECTOR PDI 2º GRAOS

TITULAR	SUPLENTE
Mª DEL CARMEN PÉREZ PÉREZ	MARTA CABEZA SIMÓ

## SECTOR PDI 3º - 4º GRAO ENXEÑARÍA DOS RECURSOS MINEIROS E ENERXÉTICOS

TITULAR	SUPLENTE
FERNANDO GARCÍA BASTANTE	LEANDRO ALEJANO MONGE

## SECTOR PDI 3º- 4º GRAO ENXEÑARÍA DA ENERXÍA

TITULAR	SUPLENTE
PABLO EGUÍA OLLER	JAVIER TABOADA CASTRO

## SECTOR PDI MASTER EN ENXEÑARÍA DE MINAS

TITULAR	SUPLENTE
TERESA RIVAS BREA	EDUARDO GIRÁLDEZ PÉREZ

## SECTOR PDI MASTER EN XEOINFORMÁTICA

TITULAR	SUPLENTE
PEDRO ARIAS SÁNCHEZ	PATRICIA LIÑARES MÉNDEZ

## SECTOR ALUMNOS:

TITULARES	SUPLENTE
LAURA ANDRÉS HERGUEDAS	ALEJANDRO CASAL BARREIRO
MARTA CARIDE PÉREZ	
ALEJANDRO FERNÁNDEZ MARTÍNEZ	
DANIEL PERNAS RODRÍGUEZ	

## SECTOR PAS

TITULAR	SUPLENTE
MARÍA MAYTE MARCOTE PEREIRA	Mª DEL CARMEN ROMO PÉREZ

A Xunta de Escola aproba por asentimento a renovación da Comisión Permanente da EE de Minas e Enerxía.

## 8. Ratificación, se procede, das actas do tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao, para os graos impartidos nesta Escola.

A directora amosa as actas do tribunal de Premios Extraordinarios de Fin de Grao correspondentes ao curso 2017-18 (Anexo III). Reunido o tribunal con data seis de novembro, acordáronse os seguintes resultados:

- ✓ Premio Extraordinario Fin de Grao en Enxeñaría da Enerxía: Don Yelco Rodríguez Méndez.

- ✓ Premio Extraordinario Fin de Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos: Declárase deserto por non reunir ningunha persoa os requisitos esixidos.

A Xunta de Escola ratifica por asentimento as actas do tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao, para os graos impartidos nesta Escola.

## 9. Aprobación, se procede, de informes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios de docencia.

A directora amosa a listaxe de docentes que solicitan informe favorable para recoñecemento de quinquenio de docencia. Así mesmo, informa de que non se rexistraron incidencias durante os períodos solicitados para ningunha das persoas solicitantes.

Profesor/a	Área de coñecemento	Departamento	Período solicitado
Dona María Araújo Fernández	Explotación de minas	Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente	26-06-2013 ao 26-06-2018
Don José Manuel Cruz Freire	Enxeñaría química	Enxeñaría Química	03-03-2013 ao 02-03-2018
Don Carlos Garrido Suárez	Enxeñaría eléctrica	Enxeñaría Eléctrica	01-10-2013 ao 30-09-2018
Dona M. Itziar Goicoechea Castaño	Proxectos na enxeñaría	Deseño na Enxeñaría	03-01-2013 ao 31-12-2018
Don Enrique Granada Álvarez	Máquinas e motores térmicos	Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos	01-10-2013 ao 30-09-2018
Dona Milagros Izquierdo Pazó	Enxeñaría química	Enxeñaría Química	01-02-2013 ao 31-01-2018
Don Henrique Lorenzo Cimadevila	Enxeñaría Cartográfica, xeodésica e fotogrametría	Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente	19-03-2013 ao 18-03-2018
Don Jorge Marcos Acevedo	Tecnoloxía electrónica	Tecnoloxía Electrónica	15-01-2013 ao 14-01-2018

Profesor/a	Área de coñecemento	Departamento	Período solicitado
------------	---------------------	--------------	--------------------

Don Manuel Martínez Piñeiro	Física aplicada	Física Aplicada	17-06-2013 ao 31-12-2018
Don David Patiño Vilas	Máquinas e motores térmicos	Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos	01-01-2014 ao 31-12-2018
Dona Teresa Rivas Brea	Explotación de minas	Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente	23-03-2013 ao 22-03-2018
Don Francisco Rodríguez Castro	Tecnoloxía electrónica	Tecnoloxía Electrónica	01-10-2013 ao 30-09-2018
Don Javier Taboada Castro	Explotación de minas	Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente	01-10-2013 ao 30-09-2018

A Xunta de Escola aproba por asentimento os informes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios de docencia.

## 10. Aprobación, se procede, da Normativa para Programas de Mobilidade da EE de Minas e Enerxía.

A Normativa para Programas de Mobilidade da emE (Anexo IV) foi enviado con anterioridade á celebración da presente Xunta de Escola. A directora presenta a proposta de normativa de mobilidade. Como puntos diferenciadores con respecto á normativa anterior caben destacar:

- ✓ A normativa anterior centrábase nas bolsas ERASMUS+. Nesta proposta considéranse todos os plans de mobilidade estudiantil tanto nacional (SICUE) como internacional (ERASMUS+, convenios bilaterais, ISEP, etc...). Inclusive ERASMUS+ Prácticas.
- ✓ No caso específico de ERASMUS+ ampliase o recoñecemento de ects de 30 ata un máximo de 60 no caso de que o estudantado permaneza na universidade de destino todo o curso académico.
- ✓ As prácticas ERASMUS+ poderán ser recoñecidas como prácticas curriculares (MUEM) ou extracurriculares (graos).

A Xunta de Escola aproba por asentimento a Normativa para Programas de Mobilidade da EE de Minas e Enerxía.

## 11. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Delegación de Alumnado de Minas e Enerxía.



O regulamento (Anexo V) foi enviado previamente á celebración da presente Xunta de Escola. A directora informa de que, aínda que a decisión da Xunta de Escola non é vinculante, considérase convinte a súa aprobación.

A continuación toma a palabra don Jesús Rico Fuentes que, en representación da Delegación de Alumnado, expón os principais cambios con respecto ao regulamento anterior.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o Regulamento de réxime interno da Delegación de Alumnado de Minas e Enerxía.

## **12. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.**

Non hai documentación relativa a este punto.

## **13. Rogos e preguntas.**

O profesor don Alfonso Mandado Vázquez roga que non se peguen mais carteis e anuncios fora dos paneis habilitados para este fin.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 55 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a dezanove de decembro de dous mil dezaioito.

Vº e Prace

A Directora

A Secretaria

Elena Alonso Prieto

Ángeles Saavedra González

## **ANEXO I**

**Convocatoria de Xunta de Escola do 19/12/2018**

## **ANEXO II**

**Asistentes á Xunta de Escola do 19/12/2018**

<b>Profesorado</b>	
1.	Alejano Monge, Leandro
2.	Alonso Prieto, Elena
3.	Álvarez Vázquez, Lino José
4.	Araújo Fernández, María
5.	Arias Sánchez, Pedro
6.	Cabeza Simó, Marta
7.	Díaz Vilariño, Lucía
8.	Díez Ferrer, José Bienvenido
9.	Domínguez Santiago, Ángeles
10.	Eguía Oller, Pablo
11.	Feijoo Lorenzo, Andrés Elías
12.	García Bastante, Fernando
13.	Giráldez Pérez, Eduardo
14.	Liz Marzán, Eduardo
15.	Mandado Vázquez, Alfonso
16.	Ogando Martínez, Ana
17.	Patiño Vilas, David
18.	Pérez Pérez, Carmen
19.	Pozo Antonio, José Santiago
20.	Rivas Brea, Teresa
21.	Saavedra González, Ángeles
22.	Taboada Castro, Javier
23.	Vázquez Dorriío, José Benito
<b>ESTUDANTES</b>	
1.	Andrés Herguedas, Laura
2.	Casal Barreiro, Alejandro
3.	Domínguez Blanco, Santiago
4.	Fernández Martínez, Alejandro
5.	Filgueira Lemes, Carmen
6.	Pernas Rodríguez, Daniel
7.	Rico Fuentes, Juan Jesús
<b>PAS</b>	
8.	Romo Pérez, M <sup>a</sup> del Carmen

Desculpan a súa ausencia: Natalia Caparrini Marín, Ignacio Pérez Rey, Javier Vijande López e Daniel Villanueva Torres.



## **ANEXO III**

**Actas do tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao**



## **ANEXO IV**

### **Normativa para Programas de Mobilidade da emE**

## **ANEXO V**

### **Regulamento de Réxime Interno da Delegación de Alumnado de Minas e Enerxía**